Ourense 11 febreiro 61 Sr. Dn. Lois Tobío - Montevideo

Querido e lembrado amigo: Estou moi ledo ca nova organización da que xa foi chamada a "Grande e Xeneral Estoria". Débolle falar con absoluta sinceiridade. O empeño precisaría unha verdadeira organización e unha forte base económica. Os colaboradores propostos ou os mais desconfían. A vida é dura e os traballos de investigación lentos. Custan moito os traslados nos arquivos e as fotocopias. Sin falar por hoxe do orixinal en poder de Vde vóulle manifestar o estado do traballo: a) feita, con ben poucos engadidos e notas por Xaquín Lourenzo, a Prehistoria por o inxenuo Centevillas: b) feito un volumen enteiro de historia das Peleriñaxes dende as orixes deica hoxe por D. Xesus Carro; Vde sabe seu carácter; quixo traballar soio; c) de Idade Meia por Ferro e por mil listas de fontes no Arquivo Histórico Nacional cuias papeletas en gardo; d) de Idade Moderna tamén moita nota de fontes. Pro hai de esculcalo todo ben dereitamente ben pagando fotocopias. Hai tamén moitas fontes de outros arquivos. De época celto-roman di Bouza ter traballado moito; quedamos en que a Outa Idade Meia a fixese Ferro e a baixa Ferro ou Filgueira facendo dende logo Filgueira a Poesía medieval. Non sei si cumprirá. Chamamos Lamas para - non o dubido - a historia do arte. Eu pedíume os XVIII e XIX, fora da cultura, e traballo moito. Coido que en dous anos podo ter redactados os dous volumes. ¿E o demais? ¿Quen se mete cos XVI e XVII? Cumpre unha nova organización e moito diñeiro. Por o pronto será gran cousa que saia a Etnografía. O Risco está vello e doente. Coido que seu orixinal está cheo de craros.. Saidos os dous, ou o tomo introd. xeográfico, xeolóxico, biolóxico, etnografía - hai de pensar nos demais a base de non requirir un orden cronolóxico escrito.. Enfin, aporte a sua opinión e sigo traballando no meu. Ben sei que D. Manuel gastou en balde moito diñeiro. Debeu ser ouxeto de algun engano nas imprentas. Pídolle a sua opinión.. Francamente sin cartos os mais dos colaboradores non traballan entendendo honorarios de investigación e de obra feita. Falarei con [illegible] sobre o tratado de historia da lingoa que pode sair en calquer tempo. Escríbame. Saudos na casa. Sempre o vello amigo

R. Otero Pedrayo